

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### 1.1 Introducción

O presente documento forma parte do diagnóstico de situación levado a cabo como unha das bases de elaboración do Plano estratéxico galego da sociedade da información (PEGSI). En concreto, o seu obxectivo é plasmar aqueles aspectos máis significativos en relación co uso que a administración local galega, nomeadamente os concellos, fan das TIC.

O papel dos concellos no desenvolvemento da Sociedade da Información non é, nin moito menos, unicamente fornecer unha serie de servizos polas canles electrónicas. As súas funcións e competencias e, sobre todo, a súa proximidade ao cidadán outórganlles un papel moi relevante en aspectos como o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións, a dinamización dos axentes sociais e o apoio ás redes sociais ou a xestión de espazos de acceso público á Internet. Polo tanto, esta diagnose considera tamén estes aspectos na actuación dos concellos, especialmente desde o punto de vista da súa percepción sobre o particular.

No marco deste traballo téñense levado a cabo enquisas entre tódolos concellos galegos con menos de 35.000 habitantes e entrevistas persoais con representantes institucionais dos nove concellos que superan a dita cifra de poboación. Estas enquisas e entrevistas constitúen a fonte única dos datos expostos nas seguintes páxinas, agás onde se cita expresamente o contrario.

Os datos estatísticos fornecidos, polo tanto, fan referencia aos concellos con menos de 35.000 habitantes, que constitúen 306 dos 315 totais da comunidade autónoma e para os que se teñen recibido 267 respostas (un 87%). Os datos de detalle do proceso poden ser consultados no documento "Informe das Enquisas: Concellos".

Polo que se refire á Xunta de Galiza, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza vén de poñer en marcha o Observatorio da Calidade na e-Administración, que será unha ferramenta básica para o coñecemento da ubicación, en termos absolutos e comparativos, das administracións autonómica e local de Galiza no relativo á prestación de servizos de calidade a través das novas canles da Sociedade da Información.

Este observatorio, na súa primeira actuación, desenvolveu unha importante serie de enquisas nos diferentes órganos da Xunta de Galiza, que fornecerán unha análise polo miúdo da situación actual do emprego das TIC na administración autonómica galega. No momento en que se dispoña dos resultados finais desta acción, serán incorporados á diagnose.